


Ola, **Socorro Castro García** estará o 9 de marzo de 2012 na Biblioteca Central Rialeda coa charla
“Queres xogar con sólidos, líquidos e gases? Evapórate!”

Nesta sinxela guía podes consultar algúns libros e DVD que a biblioteca seleccionou para ti relacionados con esta charla científica.




“Experimentos sencillos de química” de Louis V. Loeschmig, e “Experimentos sencillos de química en la cocina” de Glen Vecchione

Nestes dous libros tes un montón de experimentos para facer con cousas sinxelas que hai en todas as casas: azúcar, vinagre, sal, vasos, olas, etc. Fórmulas creativas, experimentos con alimentos, química e cociña, solucións salgadas e doces éxitos, alquimia de cociña, son algunhas das propostas deste dous divertidos volumes.

“Ciencia mágica en el baño”, de Richard Robinson

Como ves, isto da ciencia éche unha cousa moi práctica, por iso aí che vai outra recomendación de libro de experimentos, neste caso, no baño. Sorprende a amigos/as e familiares con curiosos trucos, como a “agulla que flota”, o “dado pegañento”, os “vasos e o papel”, o “espello milagreiro”, o “barco de xabrón”, o “endiañado dedo fétido”, etc.



“10 xperiments kn ¡¡¡PELOS!!!” e “Experimentos sencillos con sólidos y líquidos”

Si, si, con PELOS: Divertidísimo libro de experimentos con “extremidades capilares”. Se queres experimentar máis aló do libro, podes seguir conectado/a á ciencia en <http://cienciainfinita.com>.

O segundo libro presenta outra batería de ciencia práctica: expansión do metal, truco da moeda aromatizada, vaso máxico, barco de vapor, aire nun ovo, etc.



“Atlas básico de física y química” e “Física: ¡un universo vivo!”



O primeiro libro é unha introducción aos aspectos xerais da física e a química: a materia por dentro, sustancias puras, cambios químicos, fluídos, etc. Resposta de forma clara e concisa as túas dúbidas.

O segundo libro explica de xeito divertido, sen perder o rigor científico, unha serie de conceptos usados a miúdo na física: densidade, forza, inercia, enerxía, átomo, protón, gato de Schrödinger, etc. acompañado dunhas ilustracións moi simpáticas.



“Cuestiones curiosas de química” de F. Vinagre, R. Mulero e J. F. Guerra

Libro que explica os aspectos máis importantes da química a través de curiosidades científicas relacionadas con esta ciencia: por exemplo, *Por que cando quencemos café con leite observamos que tarda máis en ferver que a mesma cantidade de café só?*, *Como funciona un extintor de incendios?*, *Por que a auga fervida é inapropiada para a vida dos peixes de acuario?*, *A que se debe a incomodidade que sentimos nos días calorosos e húmidos ao tempo?*




“La física de los superhéroes” de James Kakalios

Heroes e viláns dos cómics compórtanse a miúdo de acordo ás leis da física. As proezas dos superheroes axudan ao autor a dar unha introducción ao panorama da física: *Electricidade estática, as tres leis da termodinámica, magnetismo e lei de Faraday, física atómica, mecánica cuántica, física do estado sólido, propiedades da materia, conducción, convección, etc.* Con este libro gozarán por igual os/as afeccionados/as á física, aos cómics, ou a ambas.

“El secreto de la química” de Gianni Fochi

Cuestións sorprendentes, que moitas veces nos parecerán insólitas, así como desmontar algún mito sobre esta ciencia, son desafíos que se plantea este libro: mitos como que a química é unha ciencia incomprensible, que os/as científicos/as que se adican a ela son seres fríos e distantes, que a química xunto coa contaminación e outras ameazas para a nosa saúde son as que están estragando o noso mundo, e un longo etcétera.



4 DVD: 3 de DidaVision e 1 de Aula Interactiva de Ciencias

Interesantísimos DVDs que nos presentan diversos aspectos relacionados coa física ou a química: a química no noso fogar, química e cor, a química do amor, viaxe ao interior da materia, as forzas da materia, a calor e os estados da materia, a enerxía en acción, plásticos termoestables, plásticos elastómeros, etc.